



ADMISION DE ALUMNOS 2017/2018

1.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN.

As solicitudes presentaranse **do 2 ao 20 de marzo** na secretaria do centro (1º andar) no seguinte horario:

- De luns a xoves de 09:30 a 12:00 h.
- Os xoves de 16.00 a 17.30 h.

2.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Solicitud debidamente cumprimentada (*). Procedemento ED550B (Por duplicado). O modelo poderán recollelo no centro. Tamén está dispoñible na aplicación admisiónalumnado donde se pode cumprimentar e tramitar online ou só descargarse para a súa cumprimentación e presentación en formato papel. Recomendamos ás familias a tramitación da solicitude en formato papel e a súa presentación directa no centro
- Fotocopia do DNI dos pais e do neno (se o ten)
- Fotocopia do libro de familia completo (de todas as páxinas nas que aparezan membros da unidade familiar)
- En caso de separación ou divorcio deberase achegar a sentenza e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor
- Fotocopia do boletín de notas e certificado de matrícula do curso actual (*excepto para alumnos de E. Infantil 3 anos*)

() Segundo establece a orde, cada solicitante presentará unha única solicitude no centro no que solicita praza en primeiro lugar .*

3.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA BAREMACIÓN

O centro informará o día 21 de marzo na súa páxina web e no taboleiro de anuncios se a demanda de postos escolares e superior á oferta de prazas. En caso afirmativo as familias deberán entregar no centro **do 23 de marzo ao 5 de abril toda a documentación xustificativa** dos criterios xerais de admisión alegados para proceder a súa baremación.

Criterios de baremación e documentación a presentar en cada caso.

- Irmáns no centro.- Fotocopia completa do libro de familia (xa entregada coa solicitude).
- Domicilio familiar.- Certificado de empradoamento expedido con data deste ano no que figuren todos os membros da unidade familiar. A alta terá unha antigüidade mínima dun ano.
- Renda familiar per cápita. Os pais asinarán a autorización contida na solicitude para a comprobación por parte da Consellería de Educación.
- Familia numerosa. Fotocopia do título oficial ou do carné familiar galego. Aceptarase tamén o certificado de familias numerosas formadas por dous fillos e outro non nado.
- Familia monoparental.- Fotocopia do libro de familia (xa entregada coa solicitude) e certificado de empadroamento.
- Discapacidade.- Certificación da Consellería de Traballo e Benestar ou órgano competente doutra administración pública.
- Criterio complementario.- Coa fotocopia do libro de escolaridade, do título de EXB ou primaria co selo do centro ou outra documentación acreditativa.

6.- PUBLICACIÓN DE LISTAXES PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS

A listaxe provisional de solicitudes admitidas publicarase o 24 de abril no taboleiro de anuncios e na páxina WEB.

7.- FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

- A matrícula formalizarse na secretaría do centro (1º andar) co mesmo horario que o de presentación de solicitudes e nas seguintes datas .
 - Do 20 ao 30 de xuño: E. Infantil e Primaria.
 - Do 26 de xuño ao 10 de xullo: E. Secundaria Obrigatoria.

**A documentación para formalizar a matrícula deberán recollela na portería do centro a partir do 15 de xuño.*

NOTA IMPORTANTE

Unha vez rematado o prazo de matrícula, damos por feito que quen non a formalizou anula a súa praza.

Pontevedra, febreiro de 2017.

A Dirección

